



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se declara vacante unha (1) praza no plan da modalidade anémones a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Camelle

ANTECEDENTES:

1. O plan de xestión de anémones a pé da Confraría de Pescadores de Camelle (PE410A-2024/68-1), aprobouse para o trienio 2025-2027 mediante a Orde do 19 de decembro de 2024 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia (DOG Núm. 251, do 31.12.2024).
2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para a explotación das anémones a pé para o trienio 2025-2027, adóptase que o número máximo de participantes a pé no plan é de un (1) permiso. Tendo en conta isto, o número de prazas vacantes por cubrir é unha (1) praza.
3. O 25.02.2025 esta dirección territorial convocou o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de anémones a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de Pescadores de Camelle.
5. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes non se presentou ningunha.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, determinada na Sección 1ª do Capítulo II, o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, entre os que figuran as anémones.
2. Esta dirección territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo, e dacordo co Decreto 149/2024, de 20 de maio, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

De acordo co anterior,

Dirección Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal





RESOLVO:

1. Declarar vacante a praza convocada no plan da modalidade anémones a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Camelle.

Esta resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Camelle.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora territorial
M^a José Cancelo Baquero

Por ausencia (Resolución 13 de maio de 2024)
O xefe do servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada

